Universidade Vigo

STEMbach
bacharelato de excelencia

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH

Dirección do proxecto	
Nome: Natalia Torres Cadavid	
Enderezo electrónico: nataliatorres@uvigo.es	Teléfono: 988 368 841
Co-dirección do proxecto	
Nome:	
Enderezo electrónico:	Teléfono:
Bienio	**2021-2023**
Número de participantes (máx. 4)	**4**

Título

Como funciona e para que serve a prisión permanente revisable

Resumo

A prisión permanente revisable é unha novidade en Dereito penal español. A súa incorporación ao Código penal foi moi controvertida, provocando un importante debate político e social. Recentemente o Tribunal Constitucional declarou que esta pena era axustada á Constitución. Isto, sen embargo, no quere dicir que o debate estea pechado. As preguntas que se plantexan son se a prisión permanente revisable se pode considerar unha pena de cadea perpetua; que países teñen esta pena; que utilidade ten.

Obxectivo

1. Coñecer que é a prisión permanente revisable. O seu concepto.
2. Explicar a súa introdución no Código Penal. O recurso de inconstitucionalidade e a sentenza do Tribunal Constitucional.
3. Coñecer a prisión permanente revisable (ou similares) noutros países. Trátase dun estudo comparativo.
4. Saber que utilidade ten ou pode ter esta pena.

Plan de traballo

1. Lectura de textos seleccionados nos que se explique que é a prisión permanente revisable. A súa comparación coa cadea perpetua, e os fin que cumpre.
2. Lectura do recurso de insconstitucionalidade e da sentenza do Tribunal Constitucional que declara a constitucionalidade desta pena.
3. Estudo comparado acudindo as páxinas webs oficiais gobernamentais e de ONG sobre a prisión permanente revisable noutros países, e penas afíns como a cadea perpetua.
4. Discusión e debate sobre cada un dos puntos anteriores. En principio este é un traballo pensado para un equipo formado por 4 persoas. De tal xeito que cada persoa debe ocuparse de preparar un dos 4 puntos

que constitúen os obxectivos do traballo. Posteriormente, expoñelos ante os demais membros do equipo, coa presenza do titor, a modo de poñente.

5. Posta en común dos 4 puntos que constitúen os obxectivos do traballo.
6. Redacción do traballo final e exposición pública.